


cheenchu



## AQUI COMO EN VIENA



Banda Sinfónica  
Municipal de Ribadeo

**DÍA**  
Sábado 21

**HORA**  
9.00 da noite

**MES**  
Decembro 2002

**LUG**  
Auditorio Municipal de Ribadeo

## BO NADAL

Co tradicional concerto 'Aquí como en Viena', a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo comeza a sua nova tempada de concertos. Ao igual que en anos anteriores, dende o mes de decembro até o de setembro, a BSMR tratará de leva-la sua música a todo o público de Ribadeo e arredores coa fin de ser unha peza clave no desenvolvemento concertístico da vila.

Sumaranse ao seu xa tradicional repertorio de música clásica, sinfónica, bandas sonoras de películas, etc., algún xénero novo (aínda que xa tocado) como pode ser a Zarzuela e novas músicas para banda, sen esquenciar en nunca aos autores, compositores e arranxistas da nosa terra.

O programa que hoxe apreséntase debuxa perfectamente o enfoque dun concerto de Nadal, música en tempo tranquilo-moderato que invita a relaxación e deleite da mesma ( Éxodo, Rapsodia noruega, Os contos de Hoffmann), combinada con música alegre acorde con estas datas ( Rosas da tarde, Pequena suite de concerto). Destacamos o estreno de todo un programa ( agás da tradicional Marcha Radetzki) e do mesmo temos que facer mención especial á obra Rapsodia noruega, obra sinfónica de grande textura, cunha combinación rítmica e melódica ao longo da obra marcada pola combinación de tempos rápidos e lentos, onde en ningún intre se aprecia únicamente a melodía e acompañamento, se non que leva sempre un contracanto, un acompañamento e motivos adicionais, acadando unha grande sonoridade e distintos planos sonoros. Cabe destacar desta obra que tódolos instrumentos da agrupación, nalgúnha ocasión son solistas.

Queremos nestas datas, que a nosa música soe polo noso público, sempre asiduo e acolledor, o cal nos acompaña concerto tras concerto amosando o seu apoio á formación; por aqueles veciños e amigos que ao longo do ano traballan en pro da Banda de xeito altruista; por aqueles membros da agrupación que por unha razón ou outra víronse obrigados a deixar de lado a música para adicarse de cheo a outros eidos da sua vida; e, sobre todo, por aquelas persoas queridas e entrañábeis que desgraciadamente non se atopan entre nós e que levaremos sempre na nosa memoria.

### A canción do éxodo

- > Ernest Gold
- > arr.: J. de Meij

### Os contos de Hoffmann

- > Offenbach

### Pequena suite de concerto

- > Alfred Reed

### Rosas da tarde

- > Luis Araque

### Rapsodia noruega

- > Clare Grundman

### O tamboreiro

- > arr.: R. Beck
- > voz solista: Gloria Rodríguez

### A marcha Radetzki

- > Joh. Strauss

**Director**

José Luis Álvarez Braña